

Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a adopción de medidas para permitir a recepción en Galicia das emisións das radios e televisións portuguesas.

A señora PRESIDENTA: Pasamos agora ao punto 4 da orde do día, de proposición non de lei, comezando pola do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a adopción de medidas para permitir a recepción en Galicia das emisións das radios e televisións portuguesas.

A esta proposición non de lei presentáronse as seguintes emendas: a número 28.184 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e a número 28.187 do Grupo Parlamentario Popular.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bieito Lobeira Domínguez.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas e señores deputados, pretende o Bloque Nacionalista Galego a través desta proposición non de lei corrixir, cando menos en parte, o que foi unha constante histórica durante moitos, moitos anos, durante séculos, durante xeracións enteiras.

Esto é a ruptura por motivos estritamente políticos, da relación histórica existente entre Galicia e Portugal, que provocou un descoñecemento profundo e recíproco entre dous pobos irmáns –o pobo galego e o pobo portugués– que lamentablemente aínda perdura a día de hoxe.

Señorías, non é normal esta situación. Non é lóxica. Hai xa máis de 70 anos Daniel Castelao na súa famosa estampa –lembrémola– na que situándose na beira do Miño, na parte galega un neno lle pregunta ao seu avó, sinalando a parte portuguesa: “-E, ¿os da banda de alá son máis estranxeiros que os de Madrid?” Respondendo, segundo a estampa de Daniel Castelao con ese silencio tan rotundo aquilo de, “-Non se soubo o que lle respondeu o vello.”

Máis agora estamos no ano 2008 e contamos, posuímos cunha serie de condicións tamén de carácter político que nos permitiría restituír cando menos en parte o que nun tempo se impediu por razóns políticas desde Madrid.

Galegos e portugueses, señoras deputadas, señores deputados compartimos un mesmo sistema lingüístico: o galego portugués. Nado hai xa séculos no espazo político denominado Reino de Galiza e hoxe falado por máis de 230 millóns de persoas en todo o planeta. Como dicía Castelao, efectivamente volvendo de novo a este nobre patriota galego, “O galego é un idioma universal” Así o é. E neste contexto non semella normal. Non parece lóxico tanto descoñecemento, tanto desleixo diante de tanta potencialidade e de tanta riqueza desde o punto de vista cultural e lingüístico.

Existen instrumentos que si podemos utilizar desde Galiza para reverter esa situación. O vixente Estatuto de Autonomía de Galiza, por exemplo, desde o seu artigo 35, fala literalmente de establecemento de relacións culturais con estados cos que se manteñen particulares vínculos lingüísticos e culturais. É obvio que se está a referir claramente a

Portugal. Aínda sen citalo. Ou a xa citada en ocasións neste Parlamento, a denominada Carta Europea de Linguas minoritarias ou rexionais subscrita oficialmente polo Goberno español no ano 2001 que representa un compromiso internacional adquirido formalmente polo Estado español e que fala literalmente tamén nun dos seus artigos de garantir a liberdade de recepción das emisións de radio e televisión dos países veciños nunha lingua utilizada baixo unha forma idéntica ou parecida á lingua que eles chaman rexional ou minoritaria e a non se opoñer ás retransmisión da radio e televisión dos países veciños nesa lingua. O Consello de Europa no ano 2005 nun relatorio oficial e de xeito formal trasladoulle ao Goberno español que este precepto, en concreto este precepto, a emisión no caso galego das...

A emisión no caso galego, das a recepción en Galiza das televisións, do sinal das televisións e radios portuguesas non está cumprido. E nós consideramos do Bloque Nacionalista Galego que a posibilidade de recebermos en Galiza tanto o sinal das radios e das televisións portuguesas non a presenta ningún problema, que ten vantaxes, e nós non lle encontramos ningún problema. Vantaxes todas, algo tan necesario por exemplo como habituarmonos a como se escribe ou como se pronuncia en Portugal precisamente este sistema lingüístico galego-portugués. Podermonos entender mellor en definitiva, a ambas bandas do Miño, hai nenos or poñer un exemplo ou persoas neste país en Galiza que saben o que significa Frayday e non saben o que significa sexta feira e así existe un descoñecemento que non é normal. Saber o que pasa en Portugal aquí ao lado mesmo a súa dinámica sociopolítica. Parensen vostedes a pensar que por exemplo o que é o proceso electoral mesmo de designación de candidatos dunha determinada formación nos estados Unidos é coñecido ou as actuacións do presidente francés ou o que acontece en Venezuela, en Colombia ou no Tibet. Agora Portugal que o temos aquí o lado é o gran descoñecido, sobre as actuacións do seu goberno, sobre a súa composición, sobre a súa dinámica política e sociopolítica, mesmo e agora que estamos en tempos de modernidade, e de impulso do inglés, o que significaría maior facilidade para o inglés oral na medida en que os filmes en Portugal como saben vostedes son emitidos en versión orixinal nas súas televisións.

Mais sobre todo decatarmos fundamentalmente e sermos conscientes de que o galego é unha lingua útil, extendida polo mundo e con moita potencialidade futura, tamén dende o punto de vista económico e social, mesmo desde o punto de vista do beneficio material que Galiza pode tirar desta posibilidade.

No Bloque Nacionalista Galego, dende logo celebramos que as emenda que puidemos ter acceso tanto do Grupo Popular como do Grupo Socialista se encamiñan precisamente nesta mesma dirección e queremos decilo publicamente, celebrámolo por tatno pensamos que vai ser posible facer realidade este obxectivo, o que plantexa esta proposición non de lei.

Recentemente tamén o ministro de Comunicación social portugués o señor augusto Santos Silva declarou o seu pleno apoio a esta iniciativa, non digo esta iniciativa a esta concreta proposición de lei do BNG si me refiro a unha iniciativa que por certo foi promovida pola fundación vía galego na que ademais queremos saudar a presenza neste parlamento do seu director de señor Anxelo González que é un dos promotores precisamente deste tan noble obxectivo.

Finalmente, quixeramos aclarar xa desde o punto de vista técnico que non existen impedimentos técnicos para que as televisiones portuguesas comezan a ser vistas na Galiza antes do ano 2010, e que inclusive existen varias vías posibles, unha delas por exemplo aproveitando o espazo actualmente inutilizado do múltiplex xa autonómico xa operativo para televisión de Galiza que daría pe a recibir na Galiza os dous canais públicos da radiotelevisión portuguesa, ou ben instalando os equipamentos precisos nos cinco centros emisores principais na Galiza que poderían emitir catro canais portugueses, os catro canais que actualmente se están transmitindo xa en aberto, cubrindo aproximadamente o 80% da poboación galega e desde logo as sete grandes cidades do noso país e as súas áreas de influencia. É curioso que a propia lexislación española en concreto o Real Decreto 944/2005 polo que se aproba o plano técnico nacional da televisión dixital terrestre prioriza precisamente nas televisións de ámbito autonómico obxectivos como que aquí hoxe estamos a defender, e que é o que estamos a defender hoxe, o que procuramos é un acordo unánime do Parlamento de Galiza, é trasladarlle a Madrid que xa está ben que os galegos queremos rematar con tanto descoñecemento, con tanto desleixo, con tanta incompreensión, con tanto prexuízo histórico, inducido, funcional, e interesado desde unha perspectiva claramente política e que queremos reencontrarnos, coñecernos e recoñecernos entre dous pobos irmáns, entre o pobo galego e o pobo portugués. Que o que romperon en definitiva razóns políticas, se corrixa en nome da amizade e da solidariedade por parte de pobos que están condenados a entenderse e a convivir no futuro.

Nós esperamos, honestamente desde o Bloque Nacionalista Galego que haxa acordo e ademais acordo unánime, teñan desde logo a vontade política do BNG de chegar a un acordo que posibilite facer canto antes no prazo de tempo mais breve posible realidade a posibilidade de recibir na Galiza o sinal das radios e das televisións portuguesas e de trasladarlle daquela ao Goberno español a necesidade que temos neste país de tanto de dar cumprimento aos compromisos internacionais adquiridos formalmente polo Goberno español neste sentido a carta europea das linguas rexionais son minoritarias como darlle satisfacción o que nós entendemos é unha aspiración histórica do pobo galego. Isto é contribuir a un mellor coñecemento, relacionamento e convivencia co pobo irmán de Portugal.

Obrigado, señora presidenta.

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señor Lobeira.

Rolda de posicionamento dos grupos, comenzamos en primeiro lugar polo Grupo Parlamentar dos Socialista, ten a palabra o señor Cerviño.

O señor CERVIÑO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, todos sabemos señorías que o galego nace como unha forma de falar o latín na antiga Galicia romana que abranguea a len da Galicia de hoxe das provincias galegas de hoxe as actuais provincias portuguesas de Miño e tras dos montes, coa reconquista o galego avanzou cara o sur sobrepoñéndose aos dialectos mozárabes os que acabou por substituír.

Autóctono pois ao norte do Louro, lingua de colonización alén deste río iría a perder na zona centro meridional do país do que logo sería Portugal, algunha das súas características norteñas e unificado por nivelación de localismos convertiríase no portugués. E virá a ser moi diferente o futuro das dúas polas do primitivo tronco común cuxa unidade fora acentuada e preservada durante mais de dous séculos por unha mesma lingua poética ou galaico-portugués dos cancioneros medievais. Portugues que evolue como unha lingua nacional mesmo lingua dun imperio e o galego que era dende o século XV como unha lingua de campesinos nunha loita desigual con outra lingua nacional e tamén imperial como é o castelán.

O portugués desenvolve unha literatura en todos os xéneros en lingua escolar, e conta co prestixio de ser unha lingua estatal dun estado dunha administración, e o galego desaparece practicamente da escrita, perde a súa condición de lingua escrita, polo tanto perde a experiencia do renacemento e do humanismo, non se convirte pois nunha lingua culta. O portugués como español por suposto que si.

É obvio que todo isto, señorías, non podía non causar nada, non podía ser indiferente, e así foi, isto produciu un afastamento non só de Galicia e de Portugal politicamente senón das dúas linguas, e hoxe din os lingüistas como Pilar Vázquez Cuesta de que recollo as ideas anteriores, por outra banda ben coñecidas son dúas linguas próximas, moi próximas pertencentes ao mesmo tronco lingüístico galaico-portugués pero diferentes, moito mais diferentes do que poida pensarse a primeira vista do que se di en certos círculos. Con diferencias fonéticas sobre todo diferencias fonéticas que non poden deixar de reflectirse na escrita como di Pilar Vázquez Cuesta sendo estas diferencias as principais responsables de

porque a ortografía portuguesa non se adecuada a galega mais alá, moito mais alá de usar o N, h ou ñ para o sonido que decimos en galego e tamén en español como ñ. A cuestión é inmenasamente mais complexa recoméndolle as súas señorías interesadas na cuestión que lean unha publicación curta pero moi densa de Pilar Vázquez Cuesta o que un falante portugués debe saber a cerca do galego, escrita por certo en galego lusista que como o seu propio nome indica é galego lusita pero non portugués. Por iso, señor Lobeira, unha boa parte da sociedade galega admite entender con dificultade e ler con dificultade o portugués non só porque non está porque están separados digamos senón porque son dúas linguas distintas aínda que efectivamente moi próximas.

Dixo o señor Francisco Rodríguez, nunha pregunta ao presidente Zapatero da que falarei ao final nas Cortes españolas que o galego e o portugués son a mesma lingua e que teñen a mesma diferenza entre o valenciano e o catalán, eu non son un linguísta pero a verdade debo recoñecer que ata que lein o libro de Pilar Vázquez Cuesta pensaba eso, pero a verdade é que Pilar Vázquez Cuesta catedrático de lingua galega e portuguesa da universidade de Compostela inmensamente partidaria da aproximación das dúas linguas –ou moi partidaria, porque inmensamente ten outra dimensión– pois opina que iso non é así. Eu personalmente, debo dicir na miña experiencia leo sen maior dificultad un texto en portugués pero entendo mellor debo reconocer o italiano que o portugués de Lisboa, falado quero dicir, non así o portugués do norte porque este portugués do norte mantén parcialmente as características fonéticas primitivas que persiste no galego. Pero deixando isto claro, compartimos a idea da importancia do portugués para nós dende dúas perspectivas. En primeiro lugar, probablemente unha maior difusión desta lingua no país ao que sen dúbida contribuiría unha recepción das radios e as televisións portuguesa, axudaría non sei ata que punto, ata que orden positivamente, a batalla na que moitos andamos dende logo os socialistas galegos de evitar e desde logo este deputado que lles fala de evitar a morte da nosa lingua. Sinto ser tan crudo pero como médico sei que os fomentos e os panos quentes chegado certo momento son insuficientes. Eu creo que debemos combatir moi decididamente con enerxía, con toda a prudencia que se queira para non afastar aliados pero debemos combatir señorías, en contra ou a prol da supervivencia da nosa lingua que está eu creo que nunha situación gravemente enferma.

En segundo lugar, o portugués como decía o señor Lobeira, é unha lingua moi importante, a sexta lingua mais falada do mundo, a lingua do Brasil, que está chamada a ser unha das potencias mundiais deste século, se non o é xa, e ademais é unha lingua oficial da Unión Europea polo tanto o seu coñecemento é moi útil, mesmo nun curriculum, sobre todo nun futuro non lonxano, é indiscutiblemente os galegos por vez primeira na nosa historia as novas xeracións alfabetizados en galego, na nosa lingua temos unha enorme ventaxa de

partida para coñecer a lingua irmán que xunto co coñecemento do castelán cada vez mais lingua franca do mundo nos coloca nunha posición extraordinaria, por suposto o inglés é importantísimo en moitos casos imprescindible, pero o coñecemento do galego, do portugués do galego portugués, se queren as súas señorías, do español en conxunto nos coloca nunha posición extraordinaria no mercado tan competitivo, polo tanto, señorías, señor Lobeira, os socialistas apoiamos que en Galicia se poida recibir as emisións das radios e televisións portuguesas como non, mais como vostede sen dúbida coñece, señor Lobeira, existen cuestións técnicas complexas, aquí falo por boca de ganso non son un experto nesta cuestión, tamén na cuestión da lingua falo en certa medida por boca de ganso aínda que teño mais experiencia.

E non só relaciondas coas telecomunicacións senón de índole mercantíl e de índole política, de política internacional de nada doada solución como tratarei de explicar. Pero antes é conveniente saber onde estamos de onde partimos no que respecto cumprimento dos principios de liberdade de recepción e non de oposición fixado no artigo duodécimo da carta europea de linguas rexionais ou minoritarias. A radio galega e a televisión de Galicia cubren coas súas emisións e un UHF a practica totalidade do norte de Portugal dispoñendo dunha delegación en Oporto ou en Porto.

As emisións das televisións portuguesas recíbense en amplas áreas do sur de Galicia chegando a unha audiencia potencial estimada de cerca de 1 millón de habitantes, recollo este dato, a min paréceme un pouco esaxerado pero recollo este dato dunha contestación oficial do director xeral de comunicacións no Parlamento de Galicia, é unha pregunta supoño da súa señorías. De acordo cos principios establecidos na carta europea de linguas rexionais minoritarias por certo portugués non ten este carácter, esta consideración claro está non é unha lingua minoritaria, ningún dos dous estados plantexan cautelas para esa recepción cruzada na firma da carta, os estados firmantes plantexaron cautelas moitas cautelas moitos dos estados respecto das minorías, nin España nin Portugal plantexaron ningunha cautela para a recepción cruzada e mesmo se establecen procedementos de coordinación, planificación das frecuencias das emisións para evitar interferencias nas emisións de ambos os dous países.

Por outra banda, a canle internacional portuguesa a RTP1 emítese en aberto a través dos satélites

... internacional portuguesa, a RTP1, emítese en aberto a través dos satélites Astra e [...]. Calquera fogar galego pode recibir televisión portuguesa internacional cunha antena parabólica e un receptor de [...] dixitais abertos, cun investimento único de arredor de 100 euros. Por outra banda, todos os abonados a canal satélite dixital, aproximadamente 100.000 fogares en Galicia, ou do proveedor cable ONO, xa reciben estes canles. Galicia TV difúndese en Portugal a través dos satélites Hispasat 1C e Astra e a través de cable TV cabo Portubal, cabo Visao e Bragatel.

Pero os problemas técnicos e mercantís que hai que resolver para xeralizar as emisións, para sobrepassar esta situación non son ao parecer –digo ao parecer– menores. Así os técnicos apuntan os seguintes. Ao despreparar un múltiple autonómico adicional só se poderá facer unha vez superado o proceso de transición coa liberación das frecuencias utilizadas actualmente pola televisión analóxica, proceso que comezou o sábado pasado en Fonsagrada. E primeiro haberá que cubrir todo o noso territorio para a recepción dixital da nosa televisión; esa é a prioridade. Segundo, estudar e resolver os problemas que pode xerar a superposición de ambas redes de difusión na área transfronteiriza, tendo en conta que o proceso de transición a TDT no país veciño ten unha planificación temporal moito máis esixente. E, en terceiro lugar, existen aspectos vencellados aos dereitos de emisión da contratación de publicidade que sería necesario resolver pero que seguramente non ofrece maior problema.

Polo antes dito –e remato, señora presidenta–, señor Lobeira, estando de acordo co que vostede propón, cremos que é necesario condicionalo a que se den as condicións técnicas –e perdón pola redundancia– que o fagan posible, tanto en Galicia como en Portugal. E nese sentido vai a nosa emenda. Por certo, trasladarlle esta opinión a Madrid pois está ben pero eu creo que é innecesario. Na pregunta que facía o señor Rodríguez na última sesión ou unha das últimas sesións da lexislatura pasada nas cortes sobre esta cuestión o presidente do Goberno, o señor Rodríguez Zapatero, amosou o seu acordo e se comprometeu a facer as xestións que foran precisas desde a perspectiva do Goberno de España.

Máis nada e moitas gracias, señorías. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señor Cerviño.

Polo Grupo Parlamentar Popular, aínda que hai moitos con ganas de falar creo que lle toca ao señor Calvo Pouso.

(*Murmurios.*)

Señora López Abella, por favor.

O señor CALVO POUSO: Gracias, presidenta.

Despois das burradas e milongas que escoitamos do presidente na intervención anterior, hoxe debatemos unha iniciativa que dende o noso grupo parlamentario o enfocamos fundamentalmente como un asunto de cooperación co noso país veciño de Portugal. É certo que o importante dunha iniciativa é a parte dispositiva, pero coincidirán comigo en que a exposición de motivos ten a súa importancia. E nesta ocasión, señorías, se desprende unha

crítica contundente que só poderíamos... que só poderíamos entender como unha auténtica moción de censura política desenvolta por este Goberno co noso país veciño e amigo de Portugal.

Tamén boto en falla esa comparación con gobernos anteriores, quizá porque nesta ocasión non lles interesa. E o digo porque en moitas ocasións ou estamos aconstumbrados a que os deputados que pertencen aos grupos que sustentan ao Goberno botan a mirada cara atrás cara os dezaseis anos de Goberno de Fraga buscando unha pobre xustificación. Pero estou seguro que unha das motivacións desta iniciativa que hoxe debatemos reside casualmente na comparanza dos dezaseis anos de Goberno de Fraga en Galicia cos case que tres deste bigoberno. Daquela para Galicia Portugal foi un referente a nivel internacional co que poder resolver políticas de altura, recoñecidas en non poucas ocasións pola propia Unión Europea. Desgraciadamente hoxe non é así. (*Aplausos.*) Foron moitas... foron moitas as institucións, os programas, as medidas que se puxeron enriba da mesa para acercar a realidade portuguesa á realidade galega e viceversa. Para cooperar en busca dunha maior competitividade, para progresar xuntos como a eurorexión que formamos e na que vivimos. Neste, como en moitos asuntos, a historia da cooperación con Portugal foi escrita por presidentes do Partido Popular. E nós nos sentimos orgullosos desa cooperación, señor Lobeira.

Foi a inicios dos anos 80 cando en Galicia comezou a súa colaboración con Portugal a nivel institucional. Naquela primeira instancia coa Comisao de Coordenasao e Desenvolvemento Regional do Norte. Presidía a Xunta o señor Gerardo Fernández Albor. No seo da Conferencia das rexións periféricas marítimas vimos os primeiros traballos de coordinación técnica entre as dúas administracións. Dende ese momento a cooperación co noso país veciño se viu incrementada. Avanzaba día a día en diferentes ámbitos, dando lugar a que en outubro do ano 81 se constituíse formalmente a comunidade de traballo entre Galicia e norte de Portugal. Dende o primeiro momento a cultura en toda a súa expresión foi un dos temas obxecto de cooperación, como proba o feito de que unha das seis comisións sectoriais desta comunidade de traballo era adicada á cultura e desenvolvemento local. Esta comunidade de traballo, señorías, supuxo a consolidación dunha fructífera etapa de relacións entre Galicia e o norte de Portugal, tanto a nivel de iniciativas comunitarias transfronteirizas como a nivel máis amplo que abarca a relación inter rexionais. Pero non quedamos aí, señorías. Foi no ano 92 cando se creou ademais o eixo atlántico do noroeste peninsular. A asociación transfronteiriza de concellos integrados polas principais cidades do norte de Portugal e de Galicia que configuran o sistema urbano da euro rexión.

Todas estas e moitas máis son o exemplo do interese do Partido Popular con Portugal. Todas estas e moitas máis son o exemplo da cooperación que durante anos a Xunta de Galicia desenvolveu con Portugal. Todas estas e moitas máis son a proba do noso compromiso con Portugal. E no eido da cultura os avances tamén foron significativos. Pero se temos que sinalar un quizá sexa a declaración dos dereitos lingüísticos do eixo atlántico que, firmado o

25 de maio do ano 2001 en Vigo, recoñecía a plena validez en ambos os territorios da lingua galega e da lingua portuguesa. E dende ese momento as súas publicacións se realizan en polo menos en galego e en portugués. Esta declaración, que consta de cinco puntos, é un dos aspectos salientables no segundo informe periódico sobre o cumprimento en España da Carta europea das linguas rexionais e/ou minoritarias do Consello de Europa.

Neste informe, señorías, á parte de aparecer reflectidas todas e cada unha das accións de impulso e fomento da nosa lingua por parte da Administración da Xunta de Galicia aparece a política de cooperación con Portugal no eido lingüístico. Por certo, esta carta foi ratificada por un Goberno de España presidido polo señor Aznar. Son moitas as accións que neste informe aparecen recollidas e todas elas avaliadas favorablemente. Este informe recolle o traballo feito entre o ano 2002 e 2005, do feito en diante aínda non sabemos nada porque ese comité de expertos que contempla a propia carta aínda non foi, non o someteu a avaliación. A preocupación do Partido Popular pola nosa lingua queda reflectida en todas estas accións que desenvolvimos mentras tiñamos responsabilidades de goberno e as accións que tamén euro deputados galegos do Partido Popular no Parlamento europeo fixeron a prol da lingua galega, como foi a denuncia do señor Varela Suances de que o galego quedara excluído nalgúns informes como estudio dos europeos e as súas linguas por parte da Comisión Europea.

Neste contexto o Bloque presenta esta iniciativa de impulso ao Goberno da Xunta de Galicia, visto que este non fai nada nin poderá presumir de nada ao final da lexislatura. É evidente que para todos os galegos o balance da política de cooperación exterior en todos os ámbitos a día de hoxe é negativo. Pasamos de catorce anos de éxitos, de ser un exemplo de euro rexión para toda a Unión Europea, a que a propia comisaria de Política Rexional nos de un tirón de orellas polo retraso na cooperación co norte de Portugal; a *Voz de Galicia*, xaneiro do ano 2008. En estes tres anos a incompetencia e a ausencia de xestión son factores predominantes que se ven en todos os datos e que se ven reflectidos ademais en tres factores evidentes como é a baixada escandalosa dos fondos europeos do Interreg. Mentras que Touriño era o presidente presidía a comunidade de traballo Galicia e norte de Portugal, o seu amigo Zapatero sitúa en Badaxoz a sede do secretariado de xestión para a cooperación transfronteiriza. E, en terceiro lugar, as infraestruturas, tan fundamentais para esta euro rexión. Pasamos do cumio de Figueira da Foz no ano 2003, donde o AVE era a máxima prioridade e situabamos o fin do mesmo no ano 2009, ao cumio de Braga, neste mesmo ano, donde nin sequera se tratou o tema do AVE.

En resumen, señorías, a acción exterior da Xunta de Galicia pasa por un dos seus peores momentos. O Grupo Parlamentario do BNG presenta esta iniciativa para, supoño, paliar esta situación. Pero, como vén sendo habitual ultimamente, se quedan curtos. Se quedan curtos na defensa dos intereses de Galicia e de España. Se quedan curtos na defensa dos intereses dos operadores galegos. E ademais son pouco ambiciosos e parece que non se fían do Estado portugués. Para superar estas eivas o Grupo Parlamentario Popular presenta unha emenda con

tres puntos: no seu primeiro punto, queremos saber que pensa o Estado portugués. Parece que debería de ser o primeiro paso, saber a disposición e a posibilidade de recibir as sinais de televisión e radios portuguesas en España e televisións e radios españolas en Portugal, en especial as galegas. Un segundo punto, centrándonos en Galicia, propoñemos –ao igual que di na iniciativa o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego– que se adopten as medidas que posibiliten a emisión en Galicia das radios e das televisións portuguesas. E iso significa, ante o inminente apagón analóxico do ano 2010, a concesión duns múltiples, doutro xeito será imposible; máis tendo en conta, máis tendo en conta que hai comunidades autónomas en España que xa contan situacións parecidas –non idénticas– común múltiples para este tipo de finalidades. E, en terceiro lugar, non debemos esquecer as empresas galegas, por iso debemos garantir que poidan competir en igualdade de oportunidades, que teñan as mesmas oportunidades para participar no concurso de dita frecuencia cando sexa conseguido. É unha aposta decidida e clara, sen paliativos polas empresas galegas. Algo que botamos de menos na iniciativa do Bloque Nacionalista Galego e na emenda do Grupo Parlamentario do Partido Socialista.

Esperamos que a nosa emenda sexa aceptada porque amosa o compromiso deste partido, deste grupo parlamentario con Portugal, con España e coas empresas galegas.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señor Calvo Pouso.

Turno de posicionamento sobre as emendas apresentadas para o autor da iniciativa.

Señor Lobeira, ten vostede a palabra.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Comezaba a súa intervención o voceiro do Partido Popular defendendo como unha auténtica moción de censura a presentación desta proposición non de lei a este Goberno. Esta non é unha moción de censura política dun Goberno nin se fixa na cor política dun Goberno. Esta é unha moción de censura a, cando menos, cinco séculos de ruptura obrigada de relacións... de relacións por razóns estritamente políticas. Non estamos a falar da cor política dun Goberno, do que está facendo cada forza política, porque niso non é por nada pero o Bloque Nacionalista Galego en relación con estes temas podería sacar medallas. E non se trata diso, nin iso aparece no texto da nosa iniciativa.

Nós –precisamente por iso aproveito para aclararlllo ao señor Cerviño– non pretendemos que chegue a Madrid unha proposta ou unha aspiración político partidaria, neste caso do Bloque Nacionalista Galego que sería lexítima. Non. Queremos que chegue á vontade deste pobo, expresada politicamente a través do seu Parlamento e, a poder ser, de xeito unánime. Porque é o mellor á hora de poder conquistar o obxectivo que no plano teórico todos

compartillamos de que efectivamente nalgún momento e canto antes en Galiza se poida recibir os sinais de radios e televisións portuguesas.

Houbo moitas iniciativas e historicamente e fundamentalmente de tipo social e con orixe social. É dicir, iniciativas como a de “Ponte nas ondas” que significou a reivindicación da candidatura do patrimonio inmaterial galego-portugués para a Unesco, por poñer un exemplo. E outras con intercambios que, efectivamente, veñen sendo continuos, periódicos, entre asociacións de escritores galegos e portugueses, entre asociacións en defensa da lingua e, nomeadamente, a Mesa pola Normalización Lingüística ou o traballo –como xa dixen antes– da Fundación Día Galego.

Pero preséntasenos o Partido Popular nunha liña absolutamente reintegracionista que nós creeríamos se non fora porque no propio texto da emenda aparece unha proposta de que en Portugal se reciba tamén o sinal das televisións españolas. Con todos os respetos, nós pensamos que o Parlamento galego non está para iso; o Parlamento de Galiza está para defender o noso, a nosa lingua, a nosa cultura e tender pontes e establecer relacións con pobos irmás cos que compartillamos similares sinais de entidade lingüísticas e culturais e unha historia en boa parte común.

Nós non queremos entrar na cor política de gobernos, sabemos curiosamente que... –e non nos parece normal– que unha comunidade autónoma como a extremeña pois ten máis centros de ensino impartindo portugués que Galiza. En Extremadura. Quen a iso lle pareza normal, quen lle pareza lóxico, a nós, desde logo, ao Bloque Nacionalista Galego non. En todo caso...

Cinta nº: 000007671

... lle pareza lóxico, a nós desde logo, ao Bloque Nacionalista Galego non.

En todo caso, señor Calvo, a ruptura de relacións con Portugal, non ven de dous anos e medio atrás, non ven de dous anos e medio. Ten séculos de existencia, insisto, ten a ver coa anulación do carácter político deste país e por tanto, con cortar calquera tipo de medio de relacionamento con pobos irmáns, que puideramos descubrir, por poñer un exemplo, que o que falamos, no que nos estamos expresando neste momento, non é un dialecto, é un idioma universal, falado por centos de millóns de persoas, había moito intereses histórico en negar esa posibilidade.

Señor Cerviño, de acordo en moitas das cuestións que vostede defendeu, aquí en todo caso, eu creo que unha das mellores probas da certeza de que esta iniciativa ten que ir ... é precisamente a súa experiencia persoal, o feito de que vostede entenda mellor según dixo o italiano que o portugués, eu creo que iso deberá dar pé a unha reflexión e a pesar diso, pode

ser entendido como normal. Porque efectivamente, diferenzas fonéticas hainas en todos os idiomas, comezando polo español, entre o español de Santander, o español de Huelva, ou o español de Buenos Aires, ¿verdade? diferenzas fonéticas hainas, dentro do mesmo, sistema lingüístico galego-portugués, entre o galego de aquí, de Santiago de Compostela e o lisboeta, por poñer un exemplo, naturalmente que as hai, a diferenza, que aquí, eu creo que todos e todas nós fomos alfabetizados cunha ortografía española que dá pé, cando lemos, por exemplo, a ler José, Sócrates, Lage, cando en realidade é Laxe, en función desa grafía ou Xosé Sócrates, pero curiosamente a xente non le Jordi Pujol, ¿a que non? Lee Jordi Pujol, tamén como consecuencia dese bombardeo mediático que nos fai ubicarnos, localizarnos nun ámbito de carácter político, deixando en canto á alfabetización ortográfica, insisto, o que sería o noso, o galego-portugués.

En todo caso e xa remato, non vou facer outro tipo de consideracións, nós queremos chegar a acordo, desde logo teñen aquí a man tendida do Bloque Nacionalista Galego para un proceso de transacción, lamentablemente, estruturas como as do arco atlántico, o eixo atlántico que desenvolven numerosas liñas de actuacións nos campos económicos e social deixan curiosamente sempre o ámbito lingüístico e cultural nun ámbito sin concretar no día de hoxe, curiosamente, non outro tipo de cuestións.

En todo caso, esta é a nosa vontade, se chegamos a un acordo unánime, que esperamos que así sexa, atéñanse vostedes, señores do Partido Popular e do Partido Socialista, ás consecuencias mediáticas, porque xa sabemos que mañán haberá alguén desde Madrid que diga: los gallegos pretenden anexionarse a Portugal e imponer el portugués en Galicia ¿cuando se vio?

Grazas, señora presidenta, esta é a nosa oferta. Obrigado.

(Aplausos.)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Lobeira. Entendo que van intentar transaccionar mentres debatimos as outras proposicións non de lei e que logo xa nos comunicarán se chegaron a algún acordo.

En primeiro lugar, o señor Lobeira Domínguez nos dirá se houbo ou non transacción na proposición non de lei 25.435.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Si, señora presidenta, finalmente si houbo transacción entre os tres grupos parlamentares e o texto proposto é o seguinte: O Parlamento de Galiza, insta ao Goberno galego a adoptar as medidas precisas perante o Goberno español coa finalidade de:

Primeiro. Posibilitar a recepción na Galiza das emisións das radios e televisións portuguesas, en cumprimento da carta europea de linguas rexionais e minoritarias, utilizando as posibilidades técnicas precisas para este fin no prazo temporal máis inmediato posíbel.

Segundo. Trasladar ao Goberno portugués, o interese manifestado polo Parlamento galego de que facilite a recepción en Portugal do sinal das radios e televisións galegas.

Obrigado.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Sometemos, por tanto, a votación este texto... si, si, señor Diego Calvo. Denlle, por favor, voz ao escaño do señor Diego Calvo.

O señor CALVO POUZO: Gracias, presidenta, simplemente facer unha breve explicación de voto.

Vamos a votar favorablemente esta transacción á que se chegou, si pero porque nós queremos que se cumpra o ordenamento xurídico, a propia carta europea de linguas rexionais minoritarias forma parte del. Agradecemos que se contemple a instacia do Partido Popular que as radios e televisións galegas poidan emitir en Portugal buscando esa reciprocidade, pero expresamos o noso pesar, porque non se apoie decididamente ás empresas galegas, máis no contexto económico actual e tendo en conta que hai o 27 de marzo deste mesmo ano, hai escasos 15 días se votou por unanimidade, na comisión 6ª deste Parlamento a posibilidade de facilitar e

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

O señor CALVO POUZO: ... de intentar que os operadores galegos participen en todos os concursos.

Nada máis e moitas gracias.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Señor Cerviño. Por favor, denlle voz ao escaño do señor Cerviño.

O señor CERVIÑO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señora presidenta.

Nós consideramos que o relevante politicamente e na práctica, é precisamente que se poida, polo que expliquei na miña intervención, que se poida ver e escoitar a radio e a televisión portuguesa en Galicia.

Sobre a cuestión das empresas que di o señor Calvo, o discutimos entre os tres, parécenos que é incluso, eu diría ilegal, de acordo coas normas da Unión Europea.

A señora PRESIDENTA: Esto non é un debate. Moitas gracias.

Pasamos a votar, polo tanto, o texto transaccionado.

Votamos.

Presentes na Cámara 75; votos afirmativos, 75. Queda, polo tanto, aprobada por unanimidade este texto transaccionado da Proposición non de lei.

Votamos agora a Proposición non de lei, documento 27.524 ao que non se lle presentaron emendas. Votamos, por tanto, o texto publicado.

Votamos.

Presentes na Cámara, 75; votan afirmativamente 37; negativamente, 38. Queda, por tanto, rexeitada esta Proposición non de lei.

Votamos agora, a Proposición non de lei 27.309.

Votamos

Presentes na Cámara, 75; votan afirmativamente, 37; negativos, 38. Queda, por tanto, rexeitado o texto orixinal desta Proposición non de lei.